




Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000 RRB	Documento 21115I02M9	
Código de verificación  4P3J 2004 6A0L 3718 1CV3	Expediente 211/2021/511	
	Fecha 09-06-2021	

Logo de ver o informe proposta que antecede e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixentes, RESOLVÍN:

### DECRETO

Aprobar as Bases da convocatoria do Concurso de creatividade de Nadal da Concellaría de Deportes que se vai desenvolver no mes de decembro de 2020 e ordenar a publicación das ditas Bases na páxina web do Concello da Coruña para coñecemento xeral.

As Bases achéganse a esta resolución como ANEXO formando parte dela.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Alcaldesa, p.d.A concelleira delegada de Deportes  
(Decreto 3846/2019, BOP núm. 124 do 03.07.2019)

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por a las 10:27 del día 10/06/2021 y por Concellería Delegada de Deportes (MONICA MARTINEZ LEVA) a las 10:27 del día 10/06/2021. Mediante el código de verificación 4P3J20046A0L37181CV3 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gob.es/Anotada en el Libro de Resoluciones de Alcaldía con el núm. COR/DEC/4389/2021 el 10/06/2021



ANEXO

## BASES E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

### 1. OBXECTO

Constitúe o obxecto destas bases regular a Convocatoria da Concellería de Deportes para os cursos e actividades correspondentes ao programa municipal “Coruña no mar”, que se desenvolverá no Concello da Coruña durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2021.

Todas as publicacións relativas a este proceso faranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes), e nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais. Así mesmo, poderase obter información no teléfono 981 189 800 e no de información da cidadanía 010.

### 2. PERSOAS DESTINATARIAS E NÚMERO DE PRAZAS

A convocatoria vai dirixida a toda a cidadanía do Concello da Coruña, atendendo as franxas de idades e número de prazas dispoñibles para cada un dos cursos e actividades ofertadas no programa, segundo se establece no cadro do **Anexo 1**.

### 3. NORMAS XENÉRICAS

**3.1.** As actividades do Programa “Coruña no mar”, segundo a súa temporalidade, son de dous tipos:

- CURSOS SEMANAIS (de cinco días, luns a venres)
- ACTIVIDADES DE FIN DE SEMANA (dun día, venres, sábado ou domingo)

**3.2.** Serán **requisitos** para participar:

3.2.1. **Saber nadar.** Defensa no medio acuático, flotabilidade e movementos básicos.

3.2.2. Cumprir coa **idade** mínima establecida para cada curso ou actividade (segundo o cadro do Anexo 1) e considerando a referida á que o/a alumno/a debe ter a 31 de decembro do ano en curso.

3.2.3. Para os cursos establecidos como de **perfeccionamento**, será requisito ademais ter realizado primeiro o curso de iniciación da actividade correspondente.



- 3.3. A persoa solicitante e, de ser o caso, quen ostente a súa garda e custodia ou tutela, declarará baixo a súa responsabilidade que son certos os datos facilitados. No caso do que o Servizo Municipal de Deportes (en adiante SMD) detecte falsidade nos devanditos datos, a persoa poderá causar baixa na actividade.
- 3.4. O SMD, por motivos técnicos, pedagóxicos, organizativos ou outras circunstancias concorrentes, resérvase a facultade de reaxustar os grupos e, se fose necesario, deixalos sen efecto. Neste sentido, non se levarán a cabo as actividades que non contén cun **mínimo do 30% de inscricións** sobre as prazas ofertadas.
- 3.5. Coa presentación da solicitude entenderase que o alumnado inscrito e, se for o caso, o seu pai/nai ou titor/a autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do SMD.
- 3.6. O SMD resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

#### 4. SOLICITUDES DE INSCRICIÓN

- 4.1. As persoas interesadas deberán cubrir o formulario específico que está á súa disposición na páxina web de Deportes [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes). No caso de non dispoñer dos medios telemáticos necesarios, poderán chamar ao teléfono 981 189 800 (ext. 25037 ou 25038).
- 4.2. Establécense **dous prazos de solicitudes**, un para actividades de XULLO, e outro para AGOSTO e SETEMBRO, coas seguintes datas:

	Cursos e actividades xullo	Cursos e actividades agosto e setembro
<b>Prazo de solicitudes</b>	8 ao 14 de xuño	5 ao 12 de xullo
<b>Listaxes provisionais</b>	15 de xuño	13 de xullo
<b>Prazo de corrección</b>	15 a 17 de xuño	13 a 15 de xullo
<b>Sorteo</b>	18 de xuño	16 de xullo
<b>Listaxes definitivas</b>	23 de xuño	21 de xullo
<b>Formalización inscrición</b>	23 a 28 de xuño	21 a 26 de xullo
<b>Lista de agarda</b>	29 e 30 de xuño	27 e 28 de xullo

- 4.3. **Límite de solicitudes:** en cada prazo de solicitudes cada persoa poderá presentar unha única solicitude na que poderá indicar como máximo ata:

- 2 cursos semanais, indicando cal se establece como 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> opción.



- 2 actividades de fin de semana, indicando cal se establece como 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> opción.

**4.4.** No caso de rexistrar no mesmo prazo e para a mesma persoa **máis dunha solicitude** para cursos ou para actividades, sempre se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

**4.5. Prazo de corrección de erros:** a partir da data de publicación de listaxes provisionais, abrirase un prazo de **3 días naturais** para alegacións e corrección de erros, preferentemente a través do correo electrónico [deportes@coruna.gal](mailto:deportes@coruna.gal). No caso de non dispoñer dos medios necesarios, poderá realizarse presencialmente nas oficinas do SMD (situadas na Cidade Deportiva da Torre, no Polideportivo do Barrio das Flores e no Palacio de Deportes de Riazor) no horario de rexistro e atención ao público do Concello (de 08.00 a 13.30 h), para o que será **imprescindible concertar cita previa** antes de acudir a unha oficina de atención ao público. Consulte o apartado "Normas específicas motivadas pola Covid-19".

Durante o prazo de corrección, **non se aceptarán novas solicitudes nin se poderán facer cambios** nos cursos ou actividades solicitadas.

**4.6. Orde de preferencia:** nos supostos en que o número de prazas solicitadas sexa maior das ofertadas, para a orde de preferencia terase en conta:

- 1.º As persoas empadroadas no Concello da Coruña.
- 2.º As persoas que participasen menos no programa "Coruña no mar" en 2021.
- 3.º O sorteo de prazas segundo o número de solicitude asignado, e conforme ao agraciado no sorteo público establecido para cada prazo de solicitudes (xullo, agosto e setembro).
- 4.º A orde de preferencia nas actividades indicadas na solicitude.

**4.7. Sorteo de prazas:** en cada prazo de solicitudes, cada solicitude rexistrada levará asignado un número, segundo a orde de entrada. Naqueles cursos nos que a demanda sexa maior que a oferta, procederanse a asignar as prazas a partir dos números de solicitude, conforme ao sorteo público que terá lugar na web: <https://echaloasuerte.com/number/> ou no seu defecto, no Palacio de Deportes de Riazor, a través do procedemento de sorteo con números en bolsa opaca.

Realizaranse dous sorteos de número, un para os cursos intensivos e outro para as actividades puntuais.

## 5. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN



5.1. Tras a adxudicación da praza, a inscrición formalizarase cubrindo e facendo chegar a **folia de inscrición**, nas datas establecidas para o efecto para cada convocatoria, preferentemente a través do correo electrónico [deportes@coruna.gal](mailto:deportes@coruna.gal), ou de xeito presencial nas oficinas do SMD, situadas na Cidade Deportiva da Torre, Palacio de Deportes de Riazor e Polideportivo do Barrio das Flores. Será **imprescindible concertar cita previa** antes de acudir a unha oficina de atención ao público. Consulte o apartado "Normas específicas motivadas pola Covid-19".

5.2. **Documentación:** xunto coa folia de inscrición deberase presentar unha fotocopia do DNI (dende os 14 anos); para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén se deberá presentar o Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/a legal. No caso de persoas suxeitas a tutela, deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.

5.3. A persoa solicitante ou, de ser o caso, quen teña a súa representación legal, fará constar que cumpre cos requisitos de inscrición, que **sabe nadar**, e que **non padece ningunha enfermidade** que a incapacite para practicar a actividade deportiva. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade, ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse o informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.

5.4. Coa formalización da inscrición, o alumnado comprométese a cumprir co **protocolo Covid-19** aprobado polo Concello da Coruña, así como coa normativa sanitaria en vigor.

No caso de que as autoridades sanitarias, debido á evolución da pandemia, determinen unha redución da ratio por debaixo da porcentaxe establecida para a viabilidade do programa, o Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña resérvase a potestade de facer as modificacións necesarias ou suspendelo.

5.5. **Lista de agarda.** As prazas que queden sen cubrir no prazo de formalización da inscrición serán ocupadas segundo a listaxe de agarda, atendendo sempre aos criterios da orde de preferencia do punto 4.6 destas bases.


5.6. A formalización da inscrición leva implícito o **compromiso de ocupación da praza**, polo que a falta de asistencia poderá implicar a imposibilidade de participar en ningunha outra actividade do programa durante o ano en curso.

## 6. PREZO

Os cursos e as actividades de “Coruña no mar” serán **gratuítos**.



## 7. FOLLA DE INSCRICIÓN



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

- FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA CORUÑA NO MAR 2021
- DECLARACIÓN RESPONSABLE PROTOCOLO FRONTE Á COVID-19

### Servizo Municipal de Deportes

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE				
APELIDOS:		NOME:		
DNI:	DATA NACEMENTO:	E-MAIL:		
RÚA:				N.º:
ANDAR:	LETRA:	CÓDIGO POSTAL:		
LOCALIDADE:				
TELÉFONO 1:		TELÉFONO 2:		
DISCAPACIDADE: Tipo	GRAO:	DEPENDENTE:	SI	NON
DATOS DO/A TITOR/A (só en caso de menor ou dependente)				
APELIDOS:		NOME:		
DNI:				
AUTORIZO O/A MENOR A QUE ABANDONE SO/SOA A ACTIVIDADE UNHA VEZ FINALIZADA, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE			SI	NON
PERSOA E TELÉFONO DE CONTACTO DURANTE A ACTIVIDADE				
Nome e apelidos:		Teléfono móbil:		
ACTIVIDADE NA QUE SE INSCRIBE				
CURSO/ACTIVIDADE:		QUENDA:		

### E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que me comprometo a asistir á actividade e por tanto ocupar a praza obtida.
- Que son certos os datos facilitados.
- Que non padezo ningunha enfermidade que me incapacite para practicar a devandita actividade deportiva (Nota: o Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de requirir o certificado médico de idoneidade do alumnado, nos casos que considere oportunos).
- Que coñezo e acepto todas e cada unha das condicións da convocatoria publicada na páxina web municipal na data de sinatura do presente documento.
- Que sei nadar 25 metros sen tocar fondo nin suxeitarme a medios auxiliares fixos ou móbiles.
- Que accederéi á actividade coas medidas de protección esixidas e que cumprirei as normas de utilización que marca o protocolo e as directrices do persoal.
- Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que non padecín síntomas compatibles coa Covid-19 nos últimos 14 días.
- Que avisarei de forma inmediata ao Servizo Municipal de Deportes se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.
- Que a pesar da existencia dun protocolo de prevención, son consciente de que sempre existe un risco de contaxio por COVID-19, produto da circulación do virus a nivel mundial.

### AUTORIZACIÓN EXPRESA PARA USAR A IMAXE:

**AUTORIZO** a toma de imaxes ou gravación de vídeos, durante o desenvolvemento das actividades, onde poida aparecer de forma puntual, para que se publiquen na páxina web do Concello da Coruña ou nas redes sociais do propio concello: **SI /NON**

A Coruña, de de 2021

Sinatura do/a alumno/a e no caso de menores de idade ou persoas tuteladas, do pai/nai ou titor/a arriba indicado/a





## ANEXO 1: CURSOS E ACTIVIDADES

### **Cursos intensivos semanais (luns a venres)**

<i>Actividade</i>	<i>Quenda</i>	<i>Horas</i>	<i>Idades</i>	<i>Prazas</i>
Surf	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Surf	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Surf	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Surf	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Surf	5. <sup>a</sup> quenda: 2 ao 6 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Surf	6. <sup>a</sup> quenda: 9 ao 13 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Surf	7. <sup>a</sup> quenda: 16 ao 20 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Surf	8. <sup>a</sup> quenda: 23 ao 27 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Surf	9. <sup>a</sup> quenda: 30 ao 3 de setembro	17:00 a 19:00h	Máis 10 anos	12 Perfeccionamento
Paddle surf	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Paddle surf	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Paddle surf	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Paddle surf	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	12 Iniciación
Paddle surf	5. <sup>a</sup> quenda: 2 ao 6 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Paddle surf	6. <sup>a</sup> quenda: 9 ao 13 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Paddle surf	7. <sup>a</sup> quenda: 16 ao 20 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Paddle surf	8. <sup>a</sup> quenda: 23 ao 27 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Paddle surf	9. <sup>a</sup> quenda: 30 ao 3 de setembro	16:00 a 18:00h	Máis 10 anos	12 Perfeccionamento
Piragüismo	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	5. <sup>a</sup> quenda: 2 ao 6 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	6. <sup>a</sup> quenda: 9 ao 13 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	7. <sup>a</sup> quenda: 16 ao 20 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	8. <sup>a</sup> quenda: 23 ao 27 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Piragüismo	9. <sup>a</sup> quenda: 30 ao 3 de setembro	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Snorkel	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	12:00 a 14:00h	Máis 10 anos	8 Iniciación
Snorkel	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	12:00 a 14:00h	Máis 10 anos	8 Iniciación
Snorkel	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	12:00 a 14:00h	Máis 10 anos	8 Iniciación
Snorkel	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	12:00 a 14:00h	Máis 10 anos	8 Iniciación
Vela lixeira	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Vela lixeira	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Vela lixeira	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Vela lixeira	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Iniciación
Vela lixeira	5. <sup>a</sup> quenda: 2 ao 6 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Vela lixeira	6. <sup>a</sup> quenda: 9 ao 13 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Vela lixeira	7. <sup>a</sup> quenda: 16 ao 20 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Vela lixeira	8. <sup>a</sup> quenda: 23 ao 27 de agosto	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	6 Inic. + 6 Perf.
Vela lixeira	9. <sup>a</sup> Quenda: 30 ao 3 de setembro	16:00 a 18:00h	Máis 8 anos	12 Perfeccionamento
Windsurf	1. <sup>a</sup> quenda: 5 ao 9 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	8 Iniciación
Windsurf	2. <sup>a</sup> quenda: 12 ao 16 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	8 Iniciación
Windsurf	3. <sup>a</sup> quenda: 19 ao 23 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	8 Iniciación
Windsurf	4. <sup>a</sup> quenda: 26 ao 30 de xullo	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	8 Iniciación
Windsurf	5. <sup>a</sup> quenda: 2 ao 6 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	4 Inic. + 4 Perf.
Windsurf	6. <sup>a</sup> quenda: 9 ao 13 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	4 Inic. + 4 Perf.
Windsurf	7. <sup>a</sup> quenda: 16 ao 20 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	4 Inic. + 4 Perf.
Windsurf	8. <sup>a</sup> quenda: 23 ao 27 de agosto	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	4 Inic. + 4 Perf.
Windsurf	9. <sup>a</sup> Quenda: 30 ao 3 de setembro	17:00 a 19:00h	Máis 13 anos	8 Perfeccionamento



### Actividades puntuais de fin de semana (venres, sábado ou domingo)

<i>Actividade</i>	<i>Data</i>	<i>Horas/Día</i>	<i>Idades</i>	<i>Prazas</i>
Kayak de mar	<i>Sábado 24 de xullo</i>	10:00 a 12:00h	Máis 8 anos	12
Kayak de mar	<i>Sábado 14 de agosto</i>	10:00 a 12:00h	Máis 8 anos	12
Kayak de mar	<i>Domingo 22 de agosto</i>	10:00 a 12:00h	Máis 8 anos	12
Kayak de mar	<i>Domingo 29 de agosto</i>	10:00 a 12:00h	Máis 8 anos	12
Navegación costeira	<i>Venres 9 de xullo</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Navegación costeira	<i>Venres 16 de xullo</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Navegación costeira	<i>Venres 23 de xullo</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Navegación costeira	<i>Venres 30 de xullo</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Navegación costeira	<i>Venres 3 de setembro</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Navegación Costeira	<i>Venres 10 de setembro</i>	9:00 a 14:00 h	Máis 12 anos	9
Mergullo	<i>Sábado 10 de xullo</i>	11:00 a 14:00h	Máis 14 anos	12
Mergullo	<i>Sábado 17 de xullo</i>	11:00 a 14:00h	Máis 14 anos	12
Mergullo	<i>Sábado 24 de xullo</i>	11:00 a 14:00h	Máis 14 anos	12
Mergullo	<i>Sábado 31 de xullo</i>	11:00 a 14:00h	Máis 14 anos	12
Mergullo	<i>Sábado 7 de agosto</i>	11:00 a 14:00h	Máis 14 anos	12
Pesca fondeada	<i>Domingo 4 de xullo</i>	9:30 a 12:30 h	Máis 8 anos	8
Pesca fondeada	<i>Domingo 11 de xullo</i>	9:30 a 12:30 h	Máis 8 anos	8
Pesca fondeada	<i>Domingo 18 de xullo</i>	9:30 a 12:30 h	Máis 8 anos	8
Pesca fondeada	<i>Domingo 25 de xullo</i>	9:30 a 12:30 h	Máis 8 anos	8
Pesca fondeada	<i>Domingo 1 de agosto</i>	9:30 a 12:30 h	Máis 8 anos	8